

A celebración das Letras Galegas do ano que acaba de alborear conmemorará a figura e a obra da escritora, xornalista e activista Begoña Caamaño. Nada en Vigo en 1964, revelou-se como narradora tardiamente, aos seus corenta e cinco anos, cunha novela, *Circe ou o pracer do azul* (2009), que abraiou o público e a crítica pola súa coruscante orixinalidade, a súa cativadora escrita e a súa sobranceira calidade literaria. A publicación de *Circe ou o pracer do azul* constituíu unha magnífica sorpresa, que se viu dobrada cando pouco máis tarde veu a lume a súa segunda novela, *Morgana en Esmelle* (2012). Se na primeira recrea desde a perspectiva de dúas mulleres —a maga Circe e a esposa de Ulises, Penélope— unha lenda transmitida pola Odisea, na segunda outorga o protagonismo á fada Morgana, personaxe do imaxinario céltico cun papel relevante na saga artúrica.

Escritora tardía, mais —talvez por iso— extraordinariamente madura xa na súa obra prima, o seu pasamento prematuro en 2014 tronzou unha carreira literaria fulgurante. A Real Academia Galega, ao dedicarlle o Día das Letras Galegas, réndelle un tributo debido e oportuno, que contribuirá á merecida difusión popular da súa exemplar traxectoria como periodista defensora da información veraz —en tempos en que a comunicación social está intoxicada pola divulgación de loias que espallan o odio, a intolerancia e a confusión— e da súa soberbia achega á literatura galega, pondo o foco na fundamental achega feminina ao seu pulo.

A voz e a luz de Begoña Caamaño tinxirán de azul o Día das Letras Galegas 2026.

H.Montegudo

Presidente da Real Academia Galega

Luns 18 de Maio 2026
18:00 Auditorio CMUS da Coruña

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Profesores/as: Fernando Fraga, Diana Somkhieva, Ana Salgado, Aranzazu, García Escuredo, Nuria Díaz Mera, Giselle Grau, Iago González, David Veiga Martínez, Juancho Almarza, Javier Cedrón e Nilo J. García Armas